



**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA
27 DE MARZO DE 2017.-**

<p><u>Sres. Asistentes:</u></p> <p><u>Sr. Alcalde:</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo.</p> <p><u>Sres. Concelleiros:</u> D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D^a ALMA BEATRIZ BARRON FERRO. D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. RICARDO JOSE LAGE FERNANDEZ. D. MARTA SEIJAS DIAZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. MANUEL BELLO BOUZA. D^a CRISTINA CADENA FREIRE. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. D. GUSTAVO PITA CARBALLEIRA. <u>SR. SECRETARIO :</u> D. MANUEL LARROSA RODRIGUEZ.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e cuarenta e sete minutos do vinteseite de marzo de dous mil dezasete, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p> <p>Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:</p>
--	---

**PUNTO NÚM. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIONS DOS DÍAS
30/05/2016 E 27/02/2017.**

O Concello Pleno por unanimidade acorda presta-la súa aprobación as actas das sesións celebradas polo Concello Pleno os días 30/05/2016 e 27/02/2017.

**PUNTO NÚM. 2.- APROBACIÓN SE PROCEDE BASES REGULADORAS DO PROGRAMA
DE VIVENDAS BALEIRAS CONCELLO DE ARES.-**

Dase conta das Bases Reguladoras do Programa de Vivendas Baleiras do Concello de Ares, as cales figuran no expediente da presente sesión.

Acto seguinte dase conta do Informe de Secretaria de data 21 de marzo de 2017, que seguidamente se transcribe:

“INFORME DE SECRETARÍA



De acordo co ordenado pola Alcaldía, e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte,

ASUNTO : Bases reguladoras do programa de vivendas baleiras do Concello de Ares.

INFORME

***PRIMEIRO.** A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.*

De cada acordo de cooperación formalizado por algunha destas Administracións darase comunicación a aquelas outras que, resultando interesadas, non interveñan no mesmo, aos efectos de manter unha recíproca e constante información.

No non previsto no Título III, sobre Relacións Interadministrativas da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as relacións entre a Administración Xeral do Estado ou as Administracións das Comunidades Autónomas coas Entidades que integran a Administración Local rexeranse pola lexislación básica en materia de réxime local.

SEGUNDO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 22.2.p), 47.2.h) e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Bases reguladoras do programa de vivendas baleiras do Concello de Ares.



TERCEIRO. No caso de convenios subscritos entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, conforme ao previsto no apartado segundo do artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, deberase mellorar a eficiencia da xestión pública, eliminar duplicidades administrativas e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Téñase en conta que, de acordo co establecido no artigo 57 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, si as Comunidades Autónomas delegan competencias ou subscriben convenios de colaboración coas Entidades Locais que impliquen obrigas financeiras ou compromisos de pago a cargo das Comunidades Autónomas, será necesario que estas inclúan unha cláusula de garantía do cumprimento destes compromisos consistente na autorización á Administración Xeral do Estado a aplicar retencións nas transferencias que lles correspondan por aplicación do seu sistema de financiamento. No presente suposto, examinadas Bases Reguladoras do Programa de Vivendas Baleiras do nConcello de Arer, as mesmas non implican obriga financeira ou compromiso de pago á Xunta de Galicia.

CUARTO. De acordo co establecido no artigo 4.1.c) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, quedarán fóra do establecido no ámbito de devandita lei os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coa Seguridade Social, as Comunidades Autónomas, as Entidades locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a devandito Texto Legal.

A continuación, a letra d) do artigo 4.1 do mesmo texto legal, tamén estarán excluídos do ámbito de aplicación da lei de contratos os convenios que celebre a Administración con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu obxecto non estea comprendido no dos contratos regulados en devandita lei ou en normas administrativas especiais.

Estes supostos serán regulados polas súas normas especiais, aplicándose os principios do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.



QUINTO. Para a aprobación dun Convenio administrativo de colaboración entre o Concello e calquera outra Administración, de conformidade co establecido no artigo 140.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público no non previsto pola citada Lei deberá aplicarse a lexislación básica en materia de réxime local.

SEXTO. De conformidade co previsto no artigo 53 de Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público en relación coa instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos celebrados polas entidades do sector público local, aprobada por Resolución de 2 de decembro de 2016, da Presidencia do Tribunal de Contas, dentro do prazo de tres meses seguintes á subscrición de calquera convenio cuxos compromisos económicos superen os 600.000 euros, deberase remitir ao Tribunal de Contas ou órgano externo de fiscalización da Comunidade Autónoma, copia do documento de formalización do convenio, acompañada da correspondente memoria xustificativa.

Enténdese por compromisos económicos asumidos, o importe total das achegas financeiras que se comprometan a realizar o conxunto dos suxeitos que subscriben o convenio, independentemente da achega que corresponda á entidade local remitente da documentación.

Así mesmo, as entidades locais deberán remitir anualmente unha relación certificada comprensiva dos convenios formalizados, con independencia da súa contía, en aplicación do artigo 53.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e a instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos celebrados polas entidades do sector público local, aprobada por Resolución de 2 de decembro de 2016, da Presidencia do Tribunal de Contas.

SÉTIMO. Durante todo o proceso de aprobación do Convenio, haberá de cumprirse coas esixencias de publicidade activa en virtude do disposto no artigo 21.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na normativa vixente en materia de transparencia.

OITAVO. O procedemento a seguir é o seguinte:

A. Aprobado inicialmente, o mesmo someterase a información pública, de



acordo co establecido no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, por un período mínimo de vinte días, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial de Provincia, e no taboleiro de edictos do Concello, aos efectos de que se produzan as alegacións que se estimen pertinentes, que serán certificadas por esta Secretaría e informadas polos Servizos Técnicos Municipais ou no seu caso os Servizos Sociais.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello (dirección <https://concellodeares.com>).

B. Tras a información pública, o Convenio de aprobarase definitivamente por Acordo do Pleno, na que se incluírán as modificacións que se introducen tras o período de información pública.

C. Aprobadas definitivamente as Bases Reguladoras do Programa de Vivendas Baleiras do Concello de Ares o acordo mediante o que se aprobe será notificado aos interesados, de acordo co establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días a partir da data en que o acto sexa ditado, e deberá conter o texto íntegro da resolución, con indicación de si pon fin ou non á vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, no seu caso, en vía administrativa e xudicial, o órgano ante o que houbesen de presentarse e o prazo para interpos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Tal é o meu informe que someto a outro mellor fundado en Dereito en Ares a 21 de marzo de 2017.”

Tra-la deliberación sometese a votación o asunto e o Pleno do Concello por 10 votos a favor (5 do PSdeG-PSOE, 3 do PP, 1 NAL e 1 SON DE ARES), E 3 abstencións do Grupo Municipal do BNG, acorda prestarlle a súa aprobación as bases Reguladoras do Programa de Vivendas Baleiras do Concello de Ares, e en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as Bases Reguladoras do Programa de Vivendas Baleiras do Concello de Ares.



2º.- De conformidade co establecido no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, acordase someter a información pública polo periodo de vinte dias mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia e no taboeiro de Edictos do Concello, e na sede electrónica deste Concello (www.concellodeares.com) os efectos de que se produzan as alegacións que se estimen pertinentes.

3º.- Unha vez rematado o periodo de información publicarase someterase novamente a consideración do Concello Pleno para súa aprobación definitiva se procede.

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

PUNTO NÚM. 3.- DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DICTADAS POLA ALCALDÍA.

De conformidade eco previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía Presidencia proceder a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos, de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril

O Concello Pleno dase por enterado.

PUNTO NÚM. 4.- MOCIONS E PROPOSTAS.

- A) MOCION DO PP: “Para que o Goberno da Deputación de A Coruña garanta que o Concello de Ares, percibirá como mínimo a través do novo Plan único os mesmos fondos que recibiu coas liñas de subvención que existían con anterioridade.**

Dase conta da Moción Presentada pola Voceira do Grupo Popular Dña. Josefina Martínez Martínez, con data 20 de marzo de 2017, que seguidamente se transcribe:

“A voceira do Partido Popular, JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ, abaixo asinante, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, preséntalle ao Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN** PARA QUE O GOBERNO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA GARANTA QUE O CONCELLO DE ARES PERCIBIRÁ, COMO MÍNIMO, A TRAVÉS DO NOVO PLAN ÚNICO, OS MESMOS FONDOS QUE RECIBÍAN COAS LÍNEAS DE SUBVENCIÓN QUE EXISTÍAN CON ANTERIORIDADE.



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pleno da Deputación da Coruña aprobou o pasado mes de novembro, eos votos a favor do Goberno provincial, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, e co voto en contra do Partido Popular, o Plan Único dos Concellos dotado con 74 millóns de euros.

O novo programa unifica o Plan de Obras e Servizos, o Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Investimentos e 11 liñas de subvencións (en concreto suprimense as de cultura, deportes, promoción, económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).

Segundo o acordo plenario, o POS 2017 nutrirase dos 24,2 millóns que a Deputación achegaba cada ano ao tradicional Plan de Obras e Servizos, así como dos 8,3 millóns das liñas de axuda e dos 20 millóns do superávit que o organismo provincial prevé obter este ano e os 21,5 millóns que ata agora se dedicaban ao Plan de Aforro e Investimento.

Ademáis, tendo en conta que o goberno provincial comprometeuse tamén a engadir, como mínimo, os 13 millóns de euros de remanente, co que igualaría a achega total dos plans do anterior goberno.

En consonancia con todo iste, o Grupo Municipal do Partido Popular de Ares propon á consideración do pleno municipal o seguinte ACORDO:

1. Que a Deputación da Coruña garanta que o Concello Ares, como mínimo, non verá reducidos os ingresos que percibiu o ano pasado a través do Plan de Obras e Servizos, o Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Investimentos e 11 liñas de subvencións: cultura, deportes, promoción, económica, turismo, aeseño de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).
2. Que a institución provincial comprométase a incluír na partida ornamental coa que arranca o Plan Único dos Concellos os remanentes de tesourería que se vaian xerando ao longo do exercicio económico do 2017."

Sometida a votación a Moción o Pleno do Concello por 4 votos a favor (3 do Grupo Municipal do P.P. e 1 de NAL), e 9 votos en contra (5 do PSdeG-PSOE, 3 do BNG e 1 de SON de ARES) acorda rechazar a presente Moción do Grupo Popular.



Acto seguinte pola via de urxencia os Voceiros do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e do BNG presentan conxuntamente a seguinte Moción:

“MOCIÓN DO PSdG-PSOE E O BNG-ASEMBLEAS ABERTAS RELATIVA Á DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS DA XUNTA DE GALICIA AOS CONCELLOS CON CRITERIOS OBXECTIVOS E TRANSPARENTES

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Único de Concellos (POS+2017), aprobado pola Deputación da Coruña no pleno do 25 de novembro de 2016, é un modelo singular de cooperación entre a Deputación e os concellos que, entre outros obxectivos, pretende mellorar e simplificar as fórmulas de cooperación eos concellos, facilitándolles a tarefa de elaboración do seu orzamento anual, ao contar cunha previsión firme na aportación provincial, permitíndolle dar resposta a situacións e necesidades concretas de cada concello, simplificando ao mesmo tempo as tarefas administrativas, coa consecuente rebaixa na sobrecarga de traballo do persoal dos concellos. Compre destacar, así mesmo, que este plan de colaboración eos concellos contempla a distribución de fondos con criterios obxectivos (os criterios POS), uns criterios que suscitan un amplísimo e moi maioritario apoio entre os concellos da provincia. É, pois, un instrumento de cooperación que avanza claramente na transparencia do reparto dos fondos e que permite que os concellos teñan un marco referencial da achega total inicial da Deputación da Coruña, que, por outra parte, ten un carácter dinámico, xa que as propias bases do Plan recollen a posibilidade de incrementar a súa dotación orzamentaria con cargo aos remanentes que se xeren ao longo do exercicio. O Plan Único afonda igualmente no concepto de autonomía local, posto que facilita que os concellos destinen a achega provincial ás prioridades municipais de cada concello.

Outros aspectos positivos e innovadores a destacar do Plan Único da Deputación da Coruña son: primeiro, que non esixe aos concellos o seu cofinanciamento, como si lies esixen os "Plans Finalistas" que levan aparellado



unha porcentaxe de endebedamento local, evitando con isto provocar que as administracións locais sigan aumentando as súas obrigas e a súa débeda; segundo, que ofrece un mecanismo aos concellos en dificultades para sanear as súas contas públicas; e terceiro, que facilita que se rebaixen os períodos medios de pago ás empresas, o que evita que os concellos con graves problemas económicos se vexan na obriga de reducir servizos ou de subir taxas e impostos aos seus veciños e veciñas para poder facedle fronte ao seu déficit e/ou débeda.

Con este Plan Único de Concellos (POS+2017) a Deputación da Coruña está a marcar un novo camino para outras administracións no ámbito da cooperación local. Só hai que salientar un dato comparativo; mentres a Deputación destina inicialmente ao Plan Único 74 millóns de euros para os 93 concellos da provincia (que ao final do exercicio 2017 prevese que poida alcanzar a cifra de 100 millóns), a Xunta de Galicia unicamente achega 120 millóns ao Fondo de Cooperación Local para os 313 concellos do país.

Por todo o exposto anteriormente, os BNG-Asembleas Abertas e PSdG-PSOE solicitan ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a que siga os pasos da Deputación da Coruña, transferindo directamente ao Fondo de Cooperación Local os recursos que o Goberno galego destina aos concellos, actuando con transparencia e obxectividade no reparto de fondos da Comunidade Autónoma. Estes criterios de transparencia e obxectividade deben tamén aplicarse ao conxunto dos plans e programas que desenvolva o goberno galego, contando sempre coa negociación previa coa FEGAMP.



Sometida a votación a urxencia o Pleno do Concello por 10 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 3 BNG, 1 SON DE ARES e 1 NAL), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, e 3 votos en contra do Grupo Popular, acorda ratifica-lo carácter urxente do asunto.

Acto seguinte sometese a votación a Moción e o Pleno do Concello por 10 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 3 BNG, 1 SON DE ARES e 1 NAL) e 3 votos en contra do Grupo Municipal do P.P. acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a que siga os pasos da Deputación da Coruña, transferindo directamente ao Fondo de Cooperación Local os recursos que o Goberno galego destina aos Concellos, actuando con transparencia e obxectividade no reparto de fondos da Comunidade Autónoma. Estes criterios de transparencia e obxectividade deben tamén aplicarse ao conxunto dos plans e programas que desenvolva o goberno galego, contando sempre coa negociación previa coa FEGAMP.

PUNTO NÚM. 5.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Aberto o turno de rogos e preguntas toma a palabra o Sr. Mesias Farias, quen fai as seguintes preguntas, en relación coas obras do Concello antigo chamalle a atención a contratación do suministro de fiestras. Asemesmo pregunta polas Resolucións núm. 38/17 e 74/17. Fai o rogo de que seguen sin vir a s Resolucións de Gasto e o portal do Transparencia segue sen estar operativo. Finalmente fai unha pregunta en relación co que esta pasando coa Cidade do Deporte en Pedrós xa que os cabalos están facendo uso da mesma.

- Sendo as 13,00 horas ausentase da Sesión a Sra. Cadena Freire.

A continuación a Sra. Martínez Martínez, fai as seguintes preguntas: Para cando o recibo bimensual da auga.

Hai abundante material, en concreto cisternas entre outro, depositado na Avda. Federico García Expósito. Considera que estanse a votar residuos incontrolados. Finalmente pregunta polo incumprimento da Ordenanza de animais de compañía, en concreto os cabalos que pasan polo casco urbán, incumprindo a prohibición de dito paso.



- Sendo as 13,03 horas incorporase novamente á Sesión a Sra. Cadena Freire.

Resposta o Sr. Alcalde, respecto o Centro de Saúde, que os equipos médicos plantexaron diversas cuestión como as fiestras que son do Patio interior.

O Sr. Vilar Rico, en relación cos desperfectos que hai na Avda. Xeral Gabeiras, manifesta que xa se está actuando para subsanar as mesmas.

O Sr. Alcalde, en relación co balance da Xestión da Auga, considera que irá a unha Comisión Informativa de Facenda, para ser debatido o mesmo.

En relación co que pasa na Cidade Deportiva de Pedrós, sinala que hai un grupo de aficionados os cabalos, e que sempre houbo problemas para ubicalos. A Demarcación de Costas non quere cabalos na Praia, e ocorreu que sen autorización xa se fixo uso de ditas instalación por parte de cabalos, motos, quads, etc., armonizando os intereses das partes autoricei este uso individual, sendo anunciado con carteis e con transparencia posto que agora non hai outro sitio, a tal efecto vaise facer un plan de usos para regular ditas actividades.

Respecto da Resolución 38/17, expón que se refire á retribución que lle corresponde o Secretario Accidental polo desempeño de dito posto, resolvendo así as discrepancias ou opinión que había, o que engade o Sr. Secretario que é a retribución que legalmente lle corresponde.

Respecto da Resolución 74/17, manifesta o Sr. Alcalde, que o representante sindical do persoal funcionario, en lugar de axudar os Compañeiros, fastidia a os traballadores, indo en contra en lugar de defender como Delegado Sindical, e estima que é unha pena medir a felicidade en base o que gañan outros.

Estima que aun habendo opinión a favor da petición como é a do autor da RPT, para el é mais comodo que sexa un Tribunal quen resolva.

Interven o Sr. Cendán Fernández, matizando que hai un informe da Deputación, en sentido negativo a consolidación dos trienios.

Pide a palabra o Sr. Secretario, para aclarar que dito dictamen non contempla casos singulares como o plantexado.

En relación co Porta da Transparencia esta levando o Sr. Montenegro Montenegro, o cal estivo de baixa por paternidade.



Respecto do recibo da auga unha vez aprobados os orzamentos hai que contratar dúas lecturas máis para que sexa bimensual.

*Sendo as 13,44 retirase da Sesión Plenaria a Sra. Cadena Freire.

O Sr. Alcalde, en relación coas lecturas bimensuais ou trimestrais, estima que se trata de beneficiar as familiar e hai que darlle unha volta á situación.

*Sendo as 13,46 horas retirase da Sesión o Sr. Mesias Farias.

Interven a Sra. Martínez Martínez, preguntando se se vai a cambiar a ordenanza de animais de compañía e finalmente a Sra. Seijas Diaz fai o rogo de que se adopten as medidas para que a pista de baloncesto de Pedrós poida estar operativa.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as trece horas e cincuenta minutos do día ó comenzo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,